



CIRCULAR INFORMATIVA 15/2022

XORNADAS: “CUESTIÓNS PRÁCTICAS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO E VIOLENCIA SEXUAL”

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica, organiza este **curso de acceso e formación continua** sobre violencia de xénero e violencia sexual:

Días: 27 de outubro, 3, 8, 10 e 15 de novembro

Horario: de 18.00 a 20.30 h

Lugar: salón de graos da facultade de dereito da USC

Prazas: 160

Inscrición: gratuíta, a través do seguinte formulario web: [FORMULARIO](#)

Prazo de inscrición: ata o 25 de outubro ás 14.00 h

Dirixido a: avogadas e avogados do ICA Santiago que desexen incorporarse á quenda específica de violencia de xénero (como formación inicial), ou que xa estean nesta lista (como formación continuada).

Obrigatoriedade do curso (salvo que se acredite unha formación equiparable): A lexislación vixente en materia de violencia de xénero esixe aos colexios da avogacía crear quendas especializadas para asesorar e asistir as vítimas e asemade require que os e as profesionais da avogacía posúan unha formación adecuada para a prestación deste servizo. É por iso que este curso ten carácter obrigatorio para todos aqueles avogados e avogadas que desexen incorporarse á quenda de específica de violencia de xénero, para quen terá a consideración de formación inicial, e tamén será obrigatorio para os e as profesionais da avogacía que xa formen parte da dita quenda específica, para quen a súa acreditación servirá para cumprir co requisito de actualizar e xustificar a realización de formación continuada cada tres anos sobre a materia.

Certificación: O ICA Santiago entregará a correspondente certificación de asistencia e aproveitamento, que se estima suficiente para o acceso á quenda de oficio de violencia de xénero. Terán dereito a esta certificación as persoas que asistan cando menos ao 80 % das horas do curso e demostren aproveitamento na materia impartida.

Programa:

27 de outubro

18.00 h: “Os novos delitos de agresión sexual e a cuestións do consentimento”
Patricia Faraldo Cabana, catedrática de Dereito penal na UDC

19.15 h: “A instrución da violencia sexual. Protocolo de actuación”
Ana López-Suevos Fraguera, maxistrada do Xulgado de Instrución Núm. 1 de Santiago de Compostela



CIRCULAR INFORMATIVA 15/2022

3 de novembro

18.00 h: “Denuncia e investigación dos delitos sexuais”

Mar Paredes Magán, sarxenta do EMUME

19.15 h: “Denuncia e investigación policial dos delitos sexuais e de violencia de xénero”

Alejandra Domínguez Pereiras, policía xudicial Grupo UFAM

8 de novembro

18.00 h: “Exame forense nos delitos sexuais”

Belén Pérez Gómez, directora do Imelga

19.15 h: “As oficinas de atención á vítima. Intervención en supostos de violencia de xénero e violencia sexual. Orientacións sobre a vitimización secundaria”

Paula Souto Castro, psicóloga da OAV

10 de novembro

18.45 h: “Convenio para a atención profesional a vítimas de violencia sexual”

Manuel Arza Galán, secretario técnico do ICA Santiago

19.15 h: “Concursos, agravantes e delito continuado na violencia de xénero”

Pilar Fernández Pérez, fiscal

15 de novembro

18.00 h: “O escrito de acusación e a constitución como parte tardía na violencia de xénero”

Belén Rubido de la Torre, maxistrada do Xulgado do Penal Núm. 4 de Pontevedra

19.15 h: “Última xurisprudencia do TS e da AP da Coruña sobre violencia de xénero”

Ignacio Picatoste Sueiras, presidente da Sección 1ª da AP da Coruña